



EXPEDIENTE 2025/E001/000007. SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DO OPERARIO AUXILIAR DO CAMIÓN DO LIXO.

Procedemento de selección a través do Servizo Público de Emprego.

ANTECEDENTES

05.02.2026. Por Decreto da Alcaldía n.º 46/2026, aprobáronse as bases e a convocatoria para realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación na modalidade de substitución do operario auxiliar do camión do lixo, como persoal laboral temporal, 25 horas semanais.

11.02.2026. Publicación da convocatoria e Bases de selección no Boletín Oficial da Provincia (BOP. Núm 28).

23.02.2026. Finalización do prazo presentación de solicitudes.

24.02.2026 Certificado de secretaría onde se fai constar que durante o prazo de dez días naturais previsto nas bases, do 12 de febreiro ao 23 de febreiro ambos inclusivos, non se presentou solicitude algunha.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Decreto da Alcaldía n.º 46/2026, aprobáronse as bases e a convocatoria para realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación na modalidade de substitución do operario auxiliar do camión do lixo, como persoal laboral temporal, 25 horas semanais.

Visto que non foi posible a cobertura en base a o procedemento publicado no BOP núm. 28 do 11 de febreiro de 2026, considérase necesario presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado, coa finalidade sinalada no parágrafo anterior.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado dun operario auxiliar do camión do lixo, como persoal laboral temporal, 25 horas semanais na modalidade de substitución.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)
R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

SEGUNDO. Aplicar as Bases aprobadas por Decreto da Alcaldía n.º 46/2026 de data 5 de febreiro de 2026.

TERCEIRO. Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

CUARTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

José López González, secretario-interventor